



Concello de Vilariño de Conso

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía de data 18 de decembro de 2017, procedeuse a novo nomeamento da presidencia do Tribunal de Valoración, ante a imposibilidade de asistir a anteriormente nomeada, para a sesión convocada, segundo o procedemento de selección de dous peóns forestais dentro da subvención de fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL),

"DECRETO DE ALCALDÍA

Á vista da axuda concedida a este concello no ámbito das subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), segundo orde do 29 de agosto de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (DOG nº 171 de 8 de setembro de 2017), e resolución do servizo de emprego e economía social da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 29 de novembro de 2017,

Á vista do decreto de Alcaldía de data 15/12/2017, polo que se aproba a lista de admitidos e excluídos, a composición do tribunal de valoración, e convocatoria do mesmo para o día 19/12/2017,

Á vista de que o membro nomeado como presidente do Tribunal de valoración, D^a. Mercedes Manso Fernández, por causa de forza maior imprevista non poderá asistir a sesión previamente convocada para a sinalada data, e de conformidade coas bases aprobadas polo decreto de Alcaldía de data 11/12/2017 no uso das atribucións propias do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e

ACORDO:

PRIMEIRO: Designar como Presidenta do tribunal cualificador a: D^a. Isabel Blanco Yañez, (Psicóloga do Concello de Vilariño de Conso).

SEGUNDO: Os demais membros do tribunal serán os indicados no decreto de Alcaldía de data 15/12/2017:

Vogais:- Marina Feijoo Fernández (Auxiliar Administrativo do Concello de Vilariño de Conso).

- Mónica Eléxpuru Antunez (Traballadora Social do Concello de Vilariño de Conso).

Secretaría: Ana María Loureiro Silva (Secretaría- Interventora do Concello de Vilariño de Conso).

TERCEIRO: Convocar ao tribunal cualificador para o día 19 de decembro de 2017 ás 10:00 horas, nas dependencias municipais do Concello de Vilariño de Conso.

CUARTO: Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos do Concello e web municipal, así como notificar os membros do tribunal o seu nomeamento.

En Vilariño de Conso,

O ALCALDE

D^a. Melisa Macía Domínguez

A SECRETARIA-INTERVENTORA

D^a. Ana María Loureiro Silva

(documento asinado á marxe electrónicamente)"

En Vilariño de Conso.

A ALCALDESA.

D^a. Melisa Macía Domínguez.